



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO/A

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente publícase literal do Decreto Nº 515/2024 de data 06-09-2024 no que se convoca a sesión Extraordinaria Urxente do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 09/09/2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000012

Descrición decreto: EXPEDIENTE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO 09 DE SETEMBRO DE 2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000012

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 06/09/2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todos os concelleiros e concelleiras membros do Pleno da Corporación á **Sesión extraordinaria e urxente** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello de Ponte deume, o próximo luns **día 09/09/2024 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 09/09/2024.**
- 2 INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DA MEDALLA AO MÉRITO CULTURAL, CATEGORÍA DE OURO, A DON MANUEL ALEJANDRO CAÍNZOS CORBEIRA. (Expediente: 2023/X999/000040)**



- 3 INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE PONTEDEUME A DON MANUEL ANTONIO TORRE IGLESIAS. (Expediente: 2024/X998/000066)
- 4 ANULACIÓN PARCIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 20, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. Expediente 2024/T002/000020 e 2024/T002/000010

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria xeral e á Interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións don José Simoes Couceiro (*delegación conferida mediante Decreto 505/2024 de 04 de setembro*) do que eu, Eva Guerrero Rico, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola Secretaria accidental do concello de Pontedeume Eva Guerrero Rico. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).